



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL CON DATA 6 DE SETEMBRO DE 2018

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as vinte horas do un de marzo de dous mil dezaoto, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnen os sres. concelleiros: D^a M^a del Mar Rey Pérez; D. Enrique J. Oubiña Lago; D. José Ramón González Ledo; D^a M^a do Pilar Martínez Troncoso; D^a M^a del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D^a M^a Salomé Peña Muñiz; D. Luis Serantes Álvarez; D^a Susana Fandiño Vázquez; D. Antonio Roma Arcos e D. Antonio Bermúdez Varela.

Non asiste D^a. M^a Dolores Esperón Feijoo.

Actúa como Secretaria da Corporación D^a M^a Dolores Franco Mateo.

1º.- ACTAS ANTERIORES

Dáse conta á Corporación das actas das sesións correspondentes ás celebradas con data 4 de xaneiro de 2018; 1 de marzo de 2018 e 17 de abril de 2018.

Pola Alcaldía-Presidencia se pregunta ós Sres. Concelleiros se teñen algunha obxección que facer ás mesmas e non realizándose observación algunha a mesma é aprobadas por unanimidade na forma en que están redactadas.

2º.- APROBACIÓN DO MODELO DE MEDALLAS E DISTINCIÓNS A OUTORGAR POLO CONCELLO DE RIBADUMIA

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso, se fai a proposta a raíz do expediente que se abriu para outorgar medallas (e que se aprobará a continuación), e dado que o regulamento establece que os modelos deben ser aprobados por maioría absoluta, é polo que se somete á consideración do pleno a aprobación dos modelos de distincións a outorgar.

Da conta das características de cada unha das medallas e distincións:

A Sra. Peña Muñiz manifesta que o grupo do P.P. está de acordo xa que recolle un modelo tipo.



ILMO. CONCELLO

de

RIBADUMIA

(Pontevedra)

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: Prestar aprobación ao modelos das distincións e condecoracións que se entreguen nos actos de recoñecemento de Fillo Predilecto e Fillo Adoptivo, así como de distinción con medallas de ouro e prata, que deberán presentar as seguintes características básicas:

1.- DIPLOMA: Papel tamaño A3, de gramaxe superior a 100 gr, con orientación horizontal e escudo do Concello de Ribadumia como marca de auga semitransparente.

Nel deben constar, como mínimo, os seguintes datos: nome e apelidos da persoa física ou xurídica distinguida, mención honorífica outorgada, data do acordo plenario de concesión e data do acto solemne de imposición.

2.- PLACA CONMEMORATIVA: Placa de metal, con forma de pergamino, de medidas aproximadas 25x20 cm, sobre base de madeira de medidas aproximadas de 30x25 cm.

Nela deben constar, como mínimo, os seguintes datos: nome e apelidos da persoa física ou xurídica distinguida, mención honorífica outorgada e data do acordo de concesión.

3.- BOTÓN DE SOLAPA: Reprodución en metal do escudo do Concello de Ribadumia, con acabado nacarado e baño dourado, aproximadamente de 5 cm. de alto (ancho en proporción á altura).

4.- MEDALLA DE PRATA: Reprodución en prata do escudo do Concello de Ribadumia, de entre 4 e 4,5 mm de espesor e tamaño aproximado de 7 cm de alto (ancho en proporción), con coroa e calabrote.

5.- MEDALLA DE OURO: Reprodución en prata con baño de ouro do escudo do Concello de Ribadumia, de entre 4 e 4,5 mm de espesor e tamaño aproximado de 7 cm de alto (ancho en proporción), con coroa e calabrote.

3º.- PROPOSTA DE OUTORGAMENTO DE MEDALLAS DE OURO E PRATA DO CONCELLO DE RIBADUMIA

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso e dá conta do expediente que se ven tramitando para a concesión de distincións honoríficas do Concello de Ribadumia.-

Dá lectura á proposta no que se indica que: "Con data 2 de agosto de 2017, D. David J. Castro Mougán, alcalde do Concello de Ribadumia, en representación tamén dos membros do actual equipo de goberno e en virtude do establecido no artigo 13.1 do Regulamento de honores e distinción do



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

Concello de Ribadumia, presentou escrito con rexistro de entrada nº 2463 para propoñer a concesión das seguintes distincións honoríficas:

- 1.- MEDALLA DE OURO a D. Manuel Fontán Señoráns, polos "seus logros deportivos nas últimas tempadas", por ser "Finalista como mellor deportista na Gala do Deporte do ano 2016" e pola consecución de "medallas de ouro alcanzadas nos recentes Xogos Olímpicos Europeos da Xuventude".
- 2.- MEDALLA DE OURO ó Club Náutico O Muíño de Ribadumia, polo "traballo que fan tempada tras tempada na formación da súa canteira", por ter sido "recoñecido como mellor club" na Gala do Deporte de 2016 e polos "resultados alcanzados por dous deportistas das súas filas como son Manuel Fontán e María Pérez".
- 3.- MEDALLA DE PRATA a D^a María Pérez Aragunde, pola "prata alcanzada xunto a súa compañeira na proba C-2 200 xuvenil do Campionato do Mundo Júnior e Sub-23".

Segundo o estipulado no artigo 14 do citado regulamento, con data de 4 de agosto de 2017, asinouse Resolución de Alcaldía pola que se lle deu inicio ó expediente que xustifique a concesión da citada concesión honorífica e pola que se nomea como instrutora e como secretaria do mesmo a, respectivamente, D^a M^a do Pilar Martínez Troncoso e a D^a M^a José Miniño Fariña.

Indica que unha vez aberto o expediente e comprobado que se cumpre unha das "circunstancias especiais" recollidas no artigo 3 do Regulamento de honores e distincións do Concello de Ribadumia ("e) As persoas físicas ou xurídicas que coas súas actividades teñas contribuído a dar a coñecer o nome de Ribadumia a nivel autonómico, nacional ou internacional"), practicáronse as dilixencias oportunas de cara á xustificación documental dos méritos conseguidos polos deportistas e club mencionados e que constan no expediente, dos que da detida conta.

En virtude do exposto propónse:

- a) Xa que a concesión das distincións solicitadas polos membros do actual equipo de goberno do Concello de Ribadumia está totalmente xustificada en virtude dos méritos extraordinarios expostos no expediente, elevase proposta para a aprobación polo Pleno da Corporación Municipal.
- b) Fai se constar, segundo o artigo 1 do Regulamento de honores e distincións do Concello de Ribadumia, que a distinción outorgada



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

teña "carácter exclusivamente honorífico sen que poidan outorgar ningún dereito administrativo ou de carácter económico".

- c) Así mesmo, e tendo en conta o establecido no artigo 6 do citado regulamento, segundo o cal "As persoas a quen se concedan os títulos de fillo predilecto ou fillo adoptivo do municipio, previa invitación, terá dereito a acompañar á Corporación municipal nos actos ou solemnidades a que esta concorra, ocupando o lugar que para iso lle estea sinalado", propónse que se invite, e ocupen lugar destacado no acto solemne de imposición das distincións honoríficas orixe deste expediente, D. Carlos Pérez Rial "Perucho" e D. Dositeo Valiñas Fernández, distinguidos como Fillos Adoptivos do Concello de Ribadumia.
- d) Por último, e tendo en conta que a Corporación municipal acordou por unanimidade (Pleno 3/09/2009) concederlle a D. Carlos Pérez Rial "Perucho" a distinción de "Fillo adoptivo" do Concello de Ribadumia, sen que no seu momento se levaran a cabo os actos correspondentes á entrega pública e solemne de diploma, placa conmemorativa e botón de solapa segundo se establece nos artigos 7 e 16 do Regulamento de honores e distincións do Concellos de Ribadumia, propónse que se procede á súa entrega no mesmo acto solemne de imposición das medallas de ouro e prata obxecto deste expediente.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz para indicar que o grupo do P.P. está de acordo coas distincións, que están máis que xustificadas e merecidas por tódolos éxitos acadados e quere expresar os máis sinceros parabéns polo traballo realizado que supón un gran esforzo e representa un gran éxito un logro para todo o pobo de Ribadumia.

O Sr. Alcalde expresa tamén os seus parabéns para os deportistas e o club propostos para a concesión das medallas do Concello de Ribadumia, xa que son merecedores de tales distincións para acadar todos estes triunfos indicados e agradece que leven por outras comunidades e países o nome do Concello o que representa un prestixio e unha inmejorable promoción para Ribadumia.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes e como recoñecemento a toda a traxectoria deportiva e tendo en conta que a mesma ten contribuído de maneira considerable a dar a coñecer



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

o nome deste Concello a nivel autonómico, nacional e incluso internacional
ACORDA:

- 1º Outorgar as seguintes distincións:
 - MEDALLA DE OURO a D. Manuel Fontán Señoráns, por todos os seus logros deportivos acadados.
 - MEDALLA DE OURO ó Club Náutico O Muíño de Ribadumia, polo "traballo que fan tempada tras tempada e resultado obtidos.
 - MEDALLA DE PRATA a D^a María Pérez Aragunde, polos resultados obtidos na súa traxectoria deportiva.
- 2º Que se outorguen ditas distincións no acto público e solemne que se celebrará o vindeiro día 8 de setembro.
- 3º Que dado que con data 03/09/2009 o Pleno Municipal concedeu a D. Carlos Pérez Rial "Perucho" a distinción como "Fillo Adoptivo" do Concello de Ribadumia sen que no seu momento se levaran a cabo os actos correspondentes á entrega pública e solemne de diploma, placa conmemorativa e botón de solapa segundo se establece nos artigos 7 e 16 do Regulamento de honores e distincións do Concello de Ribadumia, se acorda que se proceda á súa entrega no mesmo acto solemne.

4º.- Que se invite e ocupen lugar destacado no acto solemne de imposición das distincións honoríficas orixe deste expediente, D. Carlos Pérez Rial "Perucho" e D. Dositeo Valiñas Fernández, distinguidos como Fillos Adoptivos do Concello de Ribadumia.

4º.- INICIO TRÁMITES PARA A DECLARACIÓN DA FESTA DO PAN COMO DE INTERESE TURÍSTICO.-

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso e manifesta que dado que estes últimos anos está mellorando moito a celebración da Festa do Pan, tanto pola súa organización como polos asistentes, preténdese iniciar os trámites para solicitar a declaración da mesma como de interese autonómico.

Que se considera que se reúne os requisitos necesarios para dita declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia, establecidos no decreto de 4 de xaneiro de 2015, polo que se regula dita declaración, pola súa singularidade, cumpre o requisito de antigüidade, ten aspectos orixinais e de calidade que a singularizan respecto doutras semellantes, ten un gran arraigamento popular e participación da poboación local, á vista do gran



ILMO. CONCELLO

de

RIBADUMIA

(Pontevedra)

número de participantes, e realízase unha gran divulgación e promoción da festa en medios audiovisuais, mediante participación en feiras e outros medios; e ten un importante un elemento cultural e social na zona.

Da conta resumida da tramitación do expediente ata a súa resolución pola Xunta de Galicia-

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz e manifesta que está de acordo pola importante repercusión que vai supoñer para Ribadumia que esta declaración sexa aprobada xa que se cumpren os requisitos.

Fai o uso da palabra o Sr. Alcalde di que se vai dar inicio do expediente e que se pretende dar un paso máis para conseguir melloras na festa e que isto un plus máis para a festa e para Ribadumia.- Agradece o apoio unánime da Corporación.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

1º.- Iniciar o expediente de solicitude de declaración da Festa do Pan como Festa de Interese turístico de Galicia, aprobando expresamente esta solicitude.

2º.- Que se realicen todos os trámites necesarios de cara a completar a memoria explicativa esixida na que se xustifiquen todos os requisitos esixidos, así como a recompilar toda a información gráfica que se considere oportuna para apoiar a petición.

3º.- Facultar ó Sr. Alcalde tan ampliamente como sexa necesario para a execución do presente acordo e realizar os trámites oportunos para levalo a efecto.

5º.- APROBACIÓN DO PROTOCOLO DE INTERCAMBIO DE INFORMACION DEL I. A. E. ENTRE LA AGENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E O CONCELLO DE RIBADUMIA.-

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso e explica que, como consecuencia de que o Concello asumiu neste exercicio a recadación voluntaria dos impostos e taxas municipais, se considera conveniente adoptar acordo para que a A.E.A.T. facilite ao Concello os datos para o cobro do imposto do Imposto sobre Actividades Económicas.

Da conta do modelo de Protocolo de intercambio de información do devandito Imposto con que conta a A.E.A.T. para tal fin, explicando o contido do mesmo e que se trata dun procedemento sinxelo, por vía telemática e que regula a información a facilitar por parte da Axencia Tributaria ao Concello e



ILMO. CONCELLO

de

RIBADUMIA

(Pontevedra)

viceversa.- Comenta que é un intercambio bilateral e explica o funcionamento deste intercambio de datos e ficheiros (se realiza mediante procedemento telemático, se obtería o censo definitivo de obrigados e exentos e demais ficheiros e documentación necesaria para a xestión do imposto)

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, dí que é nun protocolo tipo coa AEAT para intercambiar información, que o anterior estaba asinado co ORAL e ó recuperar a xestión recaudatoria o Concello haberá que asinar outro.

Por responsabilidade política, dado que a recadación pasouse a xestionar polo Concello, vai a ser a favor pero discrepa con que a xestión se retirara de ORAL.

Fai o uso da palabra o Sr. Alcalde o equipo de goberno está contento coa xestión que se ven facendo de recadación; quese aforra e a implantación da recadación directa está dando resultados; que é un trato máis directo cos veciños.- Que cada vez está máis convencido de ter feito esta xestión; que agora é máis funcional para os veciños e lamenta que o P.P. siga a dicir que era mellor que fora o ORAL, sempre está en esa postura, non obstante agradece o apoio á aprobación do protocolo.

Rematadas as intervencións, o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. Asistentes, acorda:

1º.- Adherirse e prestar aprobación ao Protocolo de Intercambio de Información do Imposto sobre Actividades Económicas, entre a Axencia Estatal da Administración Tributaria e o Concello de Ribadumia, co contido que figura no expediente.

2º.- Facultar ao Sr. Alcalde para a execución do presente acordo e para autorizar a D^a M^a José Miniño Fariña, do Servizo de Recadación deste Concello para que, previa obtención do da FNMT ou de calquera outro certificado electrónico admitido pola Axencia Tributaria, poida intercambiar (transmitir e recibir) información referente aos censos de suxeitos (obrigados e exentos) do Imposto de actividades Económicas de aqueles contribuíntes que realizan actividades económicas no ámbito territorial do Concello de Ribadumia, coa Axencia Tributaria, en nome do mesmo, facendo constar que a información solicitada será utilizada exclusivamente para os fins conferidos pola normativa de dito Imposto, sen que poida utilizarse en prexuízo do interesado ou



ILMO. CONCELLO

de

RIBADUMIA

(Pontevedra)

afectado, nin cedidos a terceiros, salvo nos casos expresamente previsto pola lei.

6º.- CONVENIO COA DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso e di que é un convenio que se leva tempo traballando que, entre outras cousas, para que os trámites maioritariamente que había que facer en catastro (reclamación cambios de titularidade, alteracións catastrais,...) agora ademais xa se poderá gravar directamente na plataforma de catastro no que se axilizan prazos para a maior parte dos trámites que hai que facer ante catastro.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, di que está na mesma postura que a anterior, por responsabilidade política van a votar a favor.

O P.P. non ten claro co que manifesta o equipo de goberno de que se van a aforrar 100.000€, xa que non hai estudio económico ao respecto.- Non está de acordo con que funcione tan ben porque os recibos de auga de 2017 están con error polas reclamacións que lles transmitiu aos veciños.- En resumo, di que non hai datos económicos nin estatística do que se vai a aforrar.

Fai o uso da palabra o Sr. Alcalde, para dicir que o P.P. segue na mesma opinión; que non queren ver a realidade; que pode haber algún erro e se soluciona ao momento e o aforro é unha realidade e as facilidades e ventaxes que supón para os veciños que a xestión sexa directa tamén.

Engade que ao P.P. lle costa aceptar estas melloras pero non van a insistir. Os veciños poden solucionar os problemas de inmediato; cando hai algunha dúbida se explica e se hai erro se soluciona.

Que a sinatura deste Convenio é, como no caso anterior, para regular as relacións do Concello co Catastro e así os veciños para a maioría das veces non terán que ir a Pontevedra.

Rematadas as intervencións, o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. Asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Solicitar á Dirección Xeral do Catastro a formalización dun Convenio de colaboración en materia catastral.

SEGUNDO.- Prestar aprobación ao Proxecto de Convenio entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Ribadumia de colaboración en materia catastral, que ten sido remitido, aceptando integramente tódalas súas cláusulas.

TERCEIRO.- 2º.- Facultar ao Sr. Alcalde para a execución do presente acordo e para a sinatura do devandito Convenio.



ILMO. CONCELLO

de

RIBADUMIA

(Pontevedra)

7º.- ORDENANZA XERAL DE RECADACIÓN DO CONCELLO DE RIBADUMIA

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso, este punto tráese a pleno para recoñecer determinadas formas de pago e que non están recollidas nas normas xerais.

Sería, de todas formas, unha normativa moi básica, pero solo en período voluntario. Porque o cobro executivo se aprobou no pleno de abril que se dese á Axencia Tributaria de Galicia.

Con respecto ao pago poderíao pagar calquera persoa, independentemente de que sexa ou non o obrigado pagamento. Eu podería pagar no lugar de Mar e as entidades colaboradoras estarían autorizadas.

Os medios para facer ese pagamento aquí son tres: efectivo nas ventanillas e oficinas das entidades bancarias colaboradoras, pódese facer a través de tarxeta de crédito ou de débito nas pasarelas electrónicas das entidades autorizadas e a través de domiciliación bancaria, que realmente é no que se tende no futuro, nunha conta na que figure a persoa que paga ou como autorizada ou titular desa conta.

E despois, evidentemente, as normas básicas que superen esa ordenanza municipal e obriguen dependendo de cada tributo que sexa.

Os prazos marcados en cada imposto, taxa e en cada tributo, que son os que se van ver no punto seguinte.

O importante desta ordenanza que se trae a pleno e en particular para aquí, para o Concello de Ribadumia. Serían os fraccionamentos do pago. Isto que en principio no ORAL está recoñecido solo para persoas recoñecidas con especiais dificultades económicas, solo si traen un informe de servizo sociais e nos neste caso ampliámolo e se pode solicitar a calquera tributo sempre e cando o importe sexa igual ou superior a 120€, teno que solicitar necesariamente a persoa titular e é obrigatorio domiciliar os pagamentos e non é necesario que traía un papel de servizos sociais con que declare que ten esas dificultades económicas, financeiras transitorias e xa se pode acoller a este fraccionamento e non se poden acoller a estes fraccionamentos personalizados aquelas que sexan por sanción.

A novidade é o plan personalizado de pagos, se pretende que aquelas persoas que o soliciten e teñan interese en facelo, que poidan pagar todos os seus tributos excepto a auga, xa que é de difícil cuantificación, xuntar todos os tributos e dividilos ata en 6 prazos, para iso tamén tes que ser titular dunha conta. Para solicitilalo no mesmo exercicio tería que solicitarse dende o 1 e ata o 31 de xaneiro. E outro dos requisitos é que non se pode ter débedas co Concello.



ILMO. CONCELO

de

RIBADUMIA

(Pontevedra)

O procedemento é de 2 a 6 prazos sen intereses. Sumaríanse todos os tributos (excepto auga) e calcularíase o 95% e as diferenzas irían na última cuota.

Se queres dar de baixa o fraccionamento, sempre que estes en prazo de pagar voluntariamente non terían problema, suspéndese e si xa pasou o prazo tería que solicitarse por vía executiva.

A Sra. Peña Muñiz pregunta, cales son as entidades colaboradoras autorizadas.

E responde a Sra. Martínez Troncoso, aínda hoxe tiveron unha reunión co Santander; ata de agora Abanca e o Sabadell en ventanilla, todos os días de 9 a 14 horas.

Continúa a Sra. Peña Muñiz dicindo que está a favor da ordenanza xeral de recadación con este plan personalizado que o ve positivo porque se pode organizar e prever o que van a ter que pagan.; que é importante que se remita unha carta a tódolos veciños.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, primeiro agradecer que o grupo do P.P. apoie este punto e sorprende que estean a favor deste punto e que non estean de acordo en que recade o Concello directamente; que esta é unha mellora máis do servizo.

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso, di as condicións que establece a ordenanza do ORAL para o fraccionamento e a Sra. Peña Muñiz di que co Oral tamén se podía fraccionar as solicitudes non ían acompañadas de estudio de CS SS

Toma a palabra o Sr. Alcalde, agradecemos que apoiem este punto e sabemos que é unha mellora para os veciños de Ribadumia, sabemos que é unha iniciativa deste Equipo de Goberno e isto é unha mellora do servizo de recadación. E que non se levara a cabo antes e por iso hai que facerlle chegar ás casas a todos os veciños e máis para aquelas persoas que necesitan dalgunha maneira repartir os pagos.

Rematadas as intervencións, o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. Asistentes, acorda:

1º.- Prestar aprobación á "Ordenanza Xeral de Recadación do Concello de Ribadumia"

2º.- Que se expoñan ó público a Ordenanza aprobada, polo prazo dun mes ós efectos de presentación de reclamacións; e



ILMO. CONCELLO

de

RIBADUMIA

(Pontevedra)

3º.- Que no caso de non presentarse reclamación algunha contra a mesma considerárase definitivamente aprobada, debendo procederse á publicación íntegra do seu contido no B.O.P.

8º.- CALENDARIO FISCAL 2019

Pasa a comentar o punto a Sra. Martínez Troncoso, dando conta do calendario do cobro de taxas e impostos para o ano 2019, di que é case o mesmo que había ata o de agora, coa inclusión do cobro semestral da auga.-

Explica que se variou o período de cobro do IVTM (que se adiantou 10 días para que se acerquen as datas de inicio os días 15) ; que os cargos dos domiciliados non coincidan con datas como Nadal, ou tamén se tivo en conta a data de cobro das persoas que están cobrando o desemprego.- Di que se pode modificar porque levamos a xestión directa, e tamén se intenta que o cobro da auga e lixo que non coincidiran na mesma data.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, é un calendario fiscal. O ORAL o pasaba e o Concello o aceptaba ou non. Ó mellor tampouco era perfecto pero tampouco era tan diferente.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde, nunca tan contentos están e hai Concellos do P.P. que están pensando tamén asumilo na próxima lexislatura. Todos son vantaxes; o ORAL foi bo no seu momento e agora non é imprescindible.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, a día de hoxe máis do 90% ten a xestión co ORAL e por algo será e se adheriron máis a día de hoxe; o que pase mañá xa se verá.

Responde o Sr. Alcalde, nos últimos tempos lle faltan competitividade. Lle gustaría ver se gañaran as eleccións se o manterían ou non.

Rematadas as intervencións, o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. Asistentes, acorda prestar aprobación ao calendario fiscal proposto para o ano 2019.

9º.- ACORDO DE DISOLUCIÓN DA MANCOMUNIDADE VOLUNTARIA DE MUNICIPIOS DE AROUSA

Dáse conta da proposta da Alcaldía na que consta que: "*Visto o escrito do Presidente da Mancomunidade Voluntaria de Municipios de Arousa, presentado o 03/08/2018, nº 2018 00000919, de solicitude de ratificación do acordo de data 24 de outubro de 2017 da Comisión Xestora da Mancomunidade Voluntaria de Municipios de Arousa, de disolución*



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

liquidación, distribución do patrimonio así como á desestimación das reclamacións presentadas durante o período de exposición ao público por parte de D. Ramiro Martínez Señoráns, actuando en nome e representación de Ramiro Martínez, S.L. e por D. Manuel Barcala Santiago, en nome e representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Sobrán, polos seguintes motivos:

- *A empresa Ramiro Martínez, S.L., está na actualidade xestionando o servizo do matadoiro cunha autorización temporal, xa que a concesión das instalacións, iniciada o día 8 de marzo de 1989 rematou o 17 de setembro de 2013 (24 anos de concesión).*
- *A Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Sobrán aínda non se subrogou unha posición da Mancomunidade Voluntaria de Municipios de Arousa. A Mancomunidade manterá a súa personalidade xurídica en tanto non sexa adoptado polos Plenos o acordo de ratificación citado que deberá posteriormente ser publicado no Diario Oficial de Galicia e remitido á Dirección Xeral de Administración Local e a Administración Central do Estado.*

E ao que se achega certificación do acordo adoptado pola Comisión Xestora en sesión de data 24 de outubro de 2017 no que consta o informe favorable da secretaria da Mancomunidade, anuncio de exposición pública no BOP nº 216 de data 10 de novembro de 2017 do acordo de disolución da Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Arousa, informes da Deputación Provincial e Dirección Xeral de Administración Local, alegacións ao devandito acordo presentadas por D. Ramiro Martínez Señoráns, actuando en nome e representación de Ramiro Martínez, S.L. e D. Manuel Barcala Santiago, en nome e representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Sobrán.

Visto o informe emitido pola secretaria -interventora en relación con este asunto.

Esta Alcaldía propón ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

- 1º Ratificar o acordo da Comisión Xestora da Mancomunidade de Municipios de Arousa, de data 24 de outubro de 2017, sobre a disolución, liquidación e distribución do seu patrimonio, así como á desestimación das reclamacións presentadas durante o período de exposición ao público por parte de D. Ramiro Martínez Señoráns, actuando en nome e representación de Ramiro Martínez, S.L. e D. Manuel Barcala Santiago, en nome e representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Sobrán, polos motivos sinalados.*
- 2º Dar traslado do presente acordo á Mancomunidade Voluntaria de Municipios de Arousa.*

Pola Secretaría dáse conta dos trámites seguidos para levar a cabo a disolución, liquidación e distribución del patrimonio así como la de reclamacións. Dende o ano 2015-2016 empezáronse a facer xestións para a disolver a Mancomunidade creada no seu día para a xestión do matadoiro e en outubro de 2017 acordouse definitivamente iniciar os trámites para a súa disolución. O saldo que tiña era de 104.000 € e acordouse o reparto en función das cotas que tivera aportado cada Concello no momento en que se leve a



ILMO. CONCELLO

de

RIBADUMIA

(Pontevedra)

cabo a disolución, acordando que o Concello de Vilagarcía percibiría un importe equivalente ao 85% do saldo (84.151,63€), e aos concellos de Meaño, Meis e Ribadumia lle corresponderían 4.950,10€; explica que, así mesmo, constan os informes favorables tanto da Xunta como da Deputación para a disolución e agora o que procede é que se ratifique por cada un dos Concellos.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, están de acordo porque é un mero trámite. Está claro que esa Mancomunidade no seu día funcionou porque se tiña mancomunado o matadoiro nese momento a nivel Comarca e unha vez comezou a funcionar o matadoiro de Cambados, ese se quedou sen actividade.

Rematadas as intervencións, o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. Asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Ratificar o acordo da Comisión Xestora da Mancomunidade de Municipios de Arousa, de data 24 de outubro de 2017, sobre a disolución, liquidación e distribución do seu patrimonio, así como á desestimación das reclamacións presentadas durante o período de exposición ao público por parte de D. Ramiro Martínez Señoráns, actuando en nome e representación de Ramiro Martínez, S.L. e D. Manuel Barcala Santiago, en nome e representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Sobrán, polos motivos sinalados.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Mancomunidade Voluntaria de Municipios de Arousa.

10º.- EXPTE. Nº 1/2018 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS

Dáse lectura á proposta da Alcaldía de expediente de modificación de créditos incluídos no Presuposto de 2018, financiado con cargo ao Remanente de Tesourería dispoñible e con baixas noutras partidas, por terse producido gastos que non se poden aprazar.

Da conta que as partidas que se pretenden incrementar son as relativas á construción dunha caseta e equipo para a cloración de auga, para a adquisición de maquinaria para vías e obras, para a realización das obras de accesibilidade ao edificio e cafetería do ximnasio de Cabanelas, para a construción dunha senda peonil en Leiro, para a aportación municipal para a adquisición de tractor, mellora das contornas dos cemiterios, aportación municipal ao Plan Marco, instalación de marquesiñas, mellora de instalacións culturais, investimentos en vías e muros, obras para instalación de bombeo, recuperación do patrimonio cultural.-



ILMO. CONCELLO

de

RIBADUMIA

(Pontevedra)

Explica que hai que regularizar a accesibilidade á cafetería do ximnasio para poñela en funcionamento; que a senda peonil a que fai referencia o expediente se trata da construción dos muros da senda (que vai dende o cruce da rotonda do barril ata pasar a nova) que é un investimento que tamén o ía a facer a Xunta e non é posible e o ten que asumir o Concello e hai unha negociación de que como contrapartida outorgarán outras axudas ou convenios; que xa hai tramitado un convenio para a concesión dun novo tractor para o que o Concello ten que aportar o importe do IVE (18.000,00 €); que a aportación ao Plan Marco é tamén porque hai que executar dous muros que non son subvencionables con cargo ao Plan; da conta do restos dos investimentos e na partida relativa á recuperación do patrimonio cultural dí que é para a reparación do lavadoiro de Xián que foi tirado hai anos por un camiión (e nin sequera se deu conta ao seguro) e houbo que recuperalo, para o que se acadou unha subvención, pero houbo que realizar unhas melloras sobre o previsto.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, este expediente ven a demostrar a falta de planificación e previsión; di que algunhas obras xa están executadas e outras se trata de obras que foron vendidas a diferentes colectivos e aínda non tiñan financiación e que fala de muros e non coinciden cos planos, non sabe se porque non se enteran ou porque ocultan información.

A Sra. Peña Muñiz engade que a accesibilidade do ximnasio vendeuse ao Club Náutico e era fume porque aínda non tiña partida; que cando se solicitou o Plan Concellos 2018 o P.P. presentou escrito para que incluía obras nos cemiterios, entre outros e o alcalde dixo que chegaba tarde porque xa estaba previsto e encamiñada a obra e aínda hoxe trae a modificación para contar con partida para poder facer esas obras.- Respecto ao muros de peche no lugar da igrexa en Lois e di que a documentación que se lle remitiu foi do lugar de Cruz.

Así mesmo solicita que se lle aclare o convenio coa Senda Peonil e queren saber canto é o custo real desas muros xa que tamén con cargo a Plan Concellos solicitáronse 50.221,96 €.- Que segundo o proxecto o custo do muro de contención no lugar de Costa en onde a rotonda ascende a 95.000 €, pero tamén solicitáronse axudas con cargo no Plan Concellos de 2017 e 2018 para muros nesa zona e solicita aclaración.- Que aclare o coste total dese muro e a xestión que se fixo coa Xunta de Galicia e que beneficios lle vai a dar a Xunta.- Di que a xestión é nefasta e pregunta que parte vai a asumir a Xunta.

Respecto á recuperación do lavadoiro de Xián di que, en principio, recupérase con cargo a unha subvención e agora hai que aportar 5.980 a



ILMO. CONCELLO

de

RIBADUMIA

(Pontevedra)

maiores e que cando aprobaron o orzamento o seu grupo xa dixo que a partida de 6.000 € era insuficiente.

En resumo di que non están de acordo coa forma de traballar do tripartito; non se lle aclara o custe dalgunhas obras e os planos da caseta tampouco lle aclara. E polos motivos expostos o P.P. vai absterse.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde e di que xa supoñían que non ían a votar a favor; que ao P.P. non lle pode sentar ben que poidan facer tantas cousas cando a ela a apoiaba Louzán con cartos da Deputación.- Aclara que nestes 4 anos se fixeron moitas actuacións.- Que se identificaron as necesidades das distintas parroquias e entidades e se trata de levar a cabo segundo van saíndo axudas.

Respecto á obra do ximnasio e instalacións náuticas di que non é certo o que di a Sra. Peña de que non hai previsión e explica que xa 2015 e 2016 foi unhas das primeiras necesidades que detectaron e solicitouse axuda xa no ano 2015 e seguintes e a Xunta non a concedeu e este ano se solicitou para iso e a zona de esparcemento; que é importante para os veciños e para o Club a legalizaron da cafetería porque lle supón un aporte económico para o Club, e esta modificación está suficientemente xustificada.-

Da modificación da partida para a caseta e clorador di que esta instalación vai estar colocada na saída do depósito; que é para prestar un servizo o máis acorde e sanitariamente posible; a Mancomunidade lle serve a auga e a partir do depósito e o Concello o responsable; as análises hai que conseguir que sexan o máis óptimas posibles e cos parámetros do cloro o máis exactos posibles, lembra que a Sra. Peña non se acordou en 15 anos de realizar as actuacións necesarias para garantir a salubridade e potabilidade da auga.

Das actuacións nos cemiterios di que no orzamento incluíuse unha partida; pero isto funciona por presupostos; son parte das actuacións que están aprobadas; hai moitas máis que facer e os veciños pediron actuacións en Sisán e Leiro; que en Besomaño non se pode porque non o aprobou o arcebispado; que se expuso aos veciños o que se tiña previsto facer para que o coñeceran e presentaran aportacións.- Que as obras non se incluíron no Plan Concellos, pero hai remanente suficiente para facelo con cargo a fondos propios; que no momento da solicitude de Plan Concellos non se tiña a previsión definitiva.

Polo que respecta ás actuacións de muros e senda peonil dí que son distintas actuacións as de 45.000 e 95.000 euros e a outra do Plan Concellos de 2018 son distintas obras e en distintos puntos.

Do muro para senda peonil en Leiro, di que é unha estrada da Xunta de Galicia, e é a responsabilidade da Xunta; que tiña dous puntos negros no que o



ILMO. CONCELLO

de

RIBADUMIA

(Pontevedra)

responsable de estradas estiveron alí e acordaron que o Concello facía o muro ata onde está agora e a Xunta seguía ata arriba e agora a Xunta di que non pode facelo e pediu que continuara o Concello e compensaría con outras actuacións; engade que o grupo municipal do P.P. tamén debería falar coa Xunta e apoiar.- Engade que o proxecto era de 130.000 euros, dos cales 50.000 € poñía o Concello e o resto a Xunta, pero que agora por algún problema a Xunta non pode facer fronte, pero que máis adiante o Concello será compensado con outras axudas.

Lle di que hai que ser prudente cando se falta á verdade ou cando non se teñen os coñecementos suficientes, para que este acordo entre a Xunta e o Concello se poida culminar da forma máis clara posible, e que calquera dúbida que poda ter, pode vir ao Concello e consultar a documentación.

A Sra. Peña insiste en que do que lle preguntou non lle respondeu, preguntou o custo que tiña este muro.- O Sr. Alcalde lle responde que xa o dixo: o custe é de 95.000 € máis 55.000 € aproximadamente.

Respecto á obra do Muro da Igrexa de Lois ou na Cruz di que entende que xa estaba incluída no Plan Concellos 2016; que son moitas as dúbidas porque non se lles quere aclarar e non se lles facilita a documentación para aclaralas.-

Continúa dicindo que o P.P. non expresou que estivera en desacordo coas obras; que o P.P. non está en desacordo coas melloras dos cemiterios; que cando pediron que se incluía no Plan Concellos se lles dixo que xa estaba encamiñada e agora resulta que non tiña consignación suficiente.

Engade que na súa intervención o Sr. Alcalde insinuou que durante o seu mandato non se subministraba a auga da traída cos parámetros sanitarios necesarios e indica que poido haber un problema puntual e por iso se ten que facer esta obra pero os parámetros se cumprían.

Aclara que as xestións con outras institucións ten que facer o Alcalde e deixan moito que desexar e se a Xunta non cumpre terá que facer que cumpra; el é o Alcalde e é que ten que facer as xestións.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde para indicar que as obras se van a facer aínda que a ela non lle guste; son peticións veciñais, actuacións importantes; e que o feito de non legalizar a cafetería foi unha irresponsabilidade da Sra. Peña.- Que xa se tiveron que investir 63.000 euros en legalizar a maior parte do alumado municipal.- Que está claro que está facendo discurso político sen coherencia; que o grupo de goberno non aspiran a que ela ou o Sr. Serantes lle apoiem; que o P.P. pretende recuperar o poder utilizando formas pouco



ILMO. CONCELLO

de

RIBADUMIA

(Pontevedra)

serias e pouco elegantes, hai que ser máis correcto e ser persoas; que lamenta que teña esta actitude nesta lexislatura.

Que todas as obras incluídas no expediente de modificación son importantes, e respecto á de legalización do edificio de cafetería e ximnasio insiste en que había previsión e se tiñan pedido axudas. Ten que facer unha oposición responsable, seria e sensata e a ela lle falta esa claridade e sensatez.

Rematadas as intervencións, o Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor (I.R. e Grupo Mixto) e cinco abstencións (P.P.) acorda:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 1/2018, de suplemento de créditos e créditos extraordinarios financiado con cargo ó Remanente de Tesourería, por un importe total de 304.684,64 euros e co resumo que consta no expediente.

SEGUNDO. Expoñer este expediente ó público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por espazo de quince días, durante os cales os interesado poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.- O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións; no caso contrario o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

11º.- DAR CONTA DAS AXUDAS CONCEDIDAS AOS CAMPUS DE VERÁN

Dá conta do punto o Sr. Alcalde, e di que a Escola de Verán organizada polo Concello tivo un éxito enorme (acadou unha valoración de 4,80 sobre 5) e que de tódalas maneiras hai que estar agradecidos as distintas entidades que organizan campus de verán para axudar aos pais que traballan.

Que o Concello decidiu outorgar axudas a estes campus para que ditas entidades poidan levar a cabo estas actividades tan importantes para favorecer a conciliación laboral e familiar.- Di que se concederon con criterios obxectivos:

Da conta das axudas outorgadas e que son as seguintes:

ENTIDADE	IMPORTE CONCEDIDO
Club Umia	1.800,00 €
Ribadumia Tenis de Mesa	365,00 €
Club Ribadumia	1.200,00 €
Proescuela de Música	627,00 €

12º.- ROGOS E PREGUNTAS

1º.- Toma a palabra o Sr. Serantes Alvarez e pregunta qué tipo de obras de conservación se fixeron no colexio durante o verán.



ILMO. CONCELLO

de

RIBADUMIA

(Pontevedra)

Responde o Sr. Oubiña Lago que se van a cambiar algunhas portas, fixéronse obras de pintado e está pendente de revisar goteiras que hai que localizar cando chova.

Di que no CRA se fixeron labores de pintado, colocar algún taboleiro, reparacións de tellado.

2º.- O Sr. Serantes Alvarez di que os recibos de auga correspondentes aos exercicios de 2015 e 2016 que foron anteriormente emitidos polo ORAL e posteriormente devoltos por conter erros, e pregunta cando vansen a pasar ao cobro novamente.

Responde a Sra. Martínez Troncoso, o ORAL devolveu e a semana pasada se emitiron os de 2015 e 2016. Parte as devolveu o Concello (algúns aínda non deron a conta para que se lle devolvan) a partir da semana que ven se empezan a mandar ao cobro e se lles va a dar prazo de pago ata o 31 de decembro.

A este respecto pregunta o Sr. Serantes Álvarez, qué lecturas toman en conta para facer os recibos de 2017 e de que lecturas se parte.

A Sra. Martínez Troncoso responde que as lecturas se fixeron en 2017.

3º.- O Sr. Serantes Álvarez di que o seu grupo do P.P. presentou unha moción sobre o parque de bombeiros e pregunta porqué non se trouxo se se presentou fai 1 mes.

Responde o Sr. Alcalde, que lle conste todas as propostas foron debatidos e aclaradas.- Que este era un pleno extenso e se pode debater no próximo pleno xa que non se consideraba prioritario e que o P.P. montou un espectáculo sobre iso cando foron os medio de comunicación.

O Sr. Serantes Álvarez, di que está alucinado coa resposta do Sr. Alcalde e a Sra. Peña Muñiz engade que é unha falta de respecto e de educación.

Intervén a Sra. Martínez Troncoso, para lembrar que tanto o Sr. González Lede como o Sr. Oubiña Lago poden dicir que algunhas que eles presentaron cando gobernaba o P.P. tardaron seis meses en levarse a pleno e outras non se levaron nunca.

O Sr. Alcalde remata dicindo que se vai tratar en pleno.-

A Sra. Peña Muñiz di que é triste que o equipo de goberno pase máis tempo falando da xestión anterior que da súa xestión e os seus feitos.

A Sra. Martínez Troncoso, non é moi dado en dar piropos; que prefire a un Alcalde así que unha como ela.

Que hai uns anos se manifestou diante do centro de saúde porque había problemas co médico e agora foi a falar co delegado en Sergas e dixo que non había substitutos para nomear e o día seguinte había substituto.- Ou como



ILMO. CONCELLO

de

RIBADUMIA

(Pontevedra)

cando fixeron manifestacións dicindo que non se ía facer a obra dos Castaños e agora se vai levar a cabo con melloras.

4º.- O Sr. Serantes Álvarez di que no parque da Carballeira de Barrantes hai un xogo estropeado e roga que se repare.

O Sr. Oubiña Lago responde que xa está reparado e non se fixo antes foi porque a empresa non puido e tiña que ser homologado.

5º.- O Sr. Serantes Álvarez roga, que tamén se preste axuda para a compra de embarcación ao Club Náutico.

A Sra. Martínez Troncoso, xa pagaron factura de case 1.000€ e teñen compradas tres embarcacións por importe de máis ou menos 9.000€.

O Sr. Alcalde tamén di que o investimento que se vai levar a cabo de 30.000 € para accesibilidade e cafetería tamén é para que lle reporte unha axuda económica ao club.- Que dende 2015 levaron a cabo o seu traballo de axudar ao Club e antes se lle daba menos

6º.- A Sra. Peña Muñiz lembra que aínda hai lavadoiros sen limpar.

O Sr. Alcalde, estase facendo a limpeza e estase facendo a recuperación do patrimonio.

E non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as vinte e tres horas e dez minutos, de todo o cal, eu, como Secretaria, dou fe.-